

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 3 DE NOVEMBRO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero
Dona Begoña Vázquez López
Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a tres de novembro de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as once

horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 28 de outubro de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA DESTINADA AO DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE

— UFD Distribución Electricidad S.A.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obra destinada ao desenvolvemento dunha actividade, presentada con data 30 de xullo de 2024 (RE-E núm. 440), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	MADRID
REPRESENTANTE	FRANCISCO JAVIER RAMOS DÍAZ
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	INSTALACIÓN DUN APOIO DE BT EN RBTA PARA SUBMINISTRO DE USO GANDEIRO
LUGAR	LEBORO
PARROQUIA	RÍO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA
RFA. CATASTRAL DA PARCELA	36047A087000340000PB Predio núm. 1058 do Polígono 7 da ZCP Val de Camba
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Proxecto técnico redactado pola enxeñeira técnica industrial Dona Susana Casais Pérez, asinado en data 01/09/25)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	1.761,47 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	CATRO (4) DÍAS
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe da técnica de Urbanismo Dona Alejandra Isabel Fernández-Gago Longueira, de data 28/10/25)

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA
AUTORIZACIÓN INDUSTRIA	EXENTO (potencia inferior a 1 kV – artigo 111.6 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro)
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 28/10/25)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento

único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- As obras queda suxeitas ao cumprimento dos condicionantes establecidos polos seguintes informes e/ou autorizacións emitidas por organismos con competencias de carácter sectorial:

- Autorización previa de obras na ZCP Val de Camba, emitida polo Servizo de Infraestruturas Agrarias do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra en data 17/09/24.

Cuarto.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de TRINTA E CINCO EUROS CON VINTE E DOUS CÉNTIMOS (35,22 €).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Proxecto técnico da obra de *“REURBANIZACIÓN DA RÚA A. TRAMO ENTRE CENTRO CULTURAL E PO-533”*, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Don Román Gómez Fraiz, con data outubro de 2025, cun importe global de CINCOCENTOS OITENTA E OITO MIL DOUSCENTOS TRINTA E CINCO EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (588.235,29 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓ Execución por contrata:	570.201,21 €
✓ Honorarios de proxecto:	18.034,08 €

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido pola técnica municipal de Urbanismo Dona Alejandra Fernández-Gago Longueira, con data 03/11/25, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado, condicionado á obtención das autorizacións sectoriais pertinentes segundo o informado pola técnica municipal.

4.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTO CON CARGO AO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA 2025 – PLAN EXTRA 2025

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria 2025 – Plan Extra 2025, publicadas no BOP núm. 189, correspondente ao día 3 de outubro de 2025, e a conveniencia de solicitar a inclusión en dito Plan dun proxecto estratéxico consistente na reurbanización da rúa A do lugar de Rodeiro co

obxecto de mellorar a accesibilidade, a mobilidade e a seguridade da devandita rúa.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Deputación Provincial a seguinte subvención con cargo ao Provincia Extraordinaria 2025 – Plan Extra 2025, por importe global de CINCOCENTOS MIL EUROS (500.000,00 €), con destino á realización e financiamento do seguinte investimento:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGAS OUTRAS ADMINISTRACIÓNS
Reurbanización da rúa A. Tramo entre Centro Cultural e PO-533	588.235,29 €	500.000,00 €	88.235,29 €	0,00 €

Segundo.- Realizar a finalidade obxecto da subvención solicitada, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Terceiro.- Comprometerse a comunicarlle á Deputación Provincial calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

Cuarto.- Comprometerse a achegar, con cargo ao presuposto municipal, o importe do orzamento do proxecto que non resulte subvencionado polo organismo provincial. O órgano que adopta este acordo é competente para comprometer esta achega.

Quinto.- Facultar expresamente a Sr. alcalde para que, na representación legal do Concello que ostenta, asine a correspondente solicitude e canta documentación resulte necesaria para a efectividade do acordado.

5.- CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS DENTRO DO PLAN DE INFRAESTRUTURAS RURAIS 2026 (PIR 2026)

O Sr. alcalde informa aos/ás concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local dun escrito achegado pola Dirección Xeral de

Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural (RE núm. 1876, do 29/10/25) polo que comunica a disposición da Consellería de asumir o custe da realización de obras neste Concello, segundo a petición municipal formulada no seu día, mediante a sinatura dun convenio de cooperación no marco do Plan de Infraestruturas Rurais 2026 (PIR 2026). As obras a contratar son as que deseguido se sinalan, cun importe aproximado de licitación de 46.874,54 €:

- Pavimentación de camiño municipal en Alén.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- O Concello de Rodeiro, ante a notificación efectuada pola Consellería do Medio Rural de realizar con cargo aos seus orzamentos a obra de infraestrutura rural enumerada anteriormente (PIR 2026), manifesta a súa aceptación á execución da mesma en réxime de cooperación e comprométese a:

- Poñer a disposición da Consellería do Medio Rural, libres de cargas e gravames, todos os terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levalas a cabo.

- Renunciar expresamente a reter da achega desta Corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras de referencia.

- Asumir, unha vez recepcionadas as obras provisionalmente e previa comunicación da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, a súa explotación, mantemento e conservación.

- Acreditar que a persoa designada para levar a cabo a sinatura do Convenio está debidamente facultada para este acto.

- Manifestar expresamente que a obra non se someterá a modificacións importantes nos cinco anos seguintes á súa entrega que poidan afectar á natureza, condicións de execución ou cambio do réxime de propiedade da infraestrutura.

— Asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo Concello.

— Acreditar mediante certificación da Secretaría municipal a efectiva dispoñibilidade dos terreos e a adecuación das obras á normativa urbanística así como, no seu caso, achegar copia dos permisos e autorizacións sectoriais necesarios para a execución da totalidade da obra.

Segundo.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde Don José Luís Camiñas Vázquez para a sinatura do correspondente convenio de cooperación.

6.- ADHESIÓN Á OFICINA TECNOLÓXICA DE ASISTENCIA AOS CONCELLOS (OTAC) DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da aprobación definitiva da Ordenanza reguladora do funcionamento da Oficina Tecnolóxica de Asistencia aos Concellos da provincia de Pontevedra (BOP núm. 184, do 26/09/25), e da conveniencia de adherirse ao dito Servizo ao obxecto de poder ser beneficiarios dos medios necesarios con que facer fronte ás necesidades asociadas aos ámbitos das tecnoloxías da información e comunicación. Os servizos a prestar por dita OTAC agrúpanse en tres eixes: servizos básicos de asesoramento tecnolóxico; servizos de soporte e asesoramento nos procedementos de contratación do ámbito TIC; e servizos de soporte e resposta ante incidencias relacionadas coa ciberseguridade.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar a adhesión do Concello á Oficina Tecnolóxica de Asistencia aos Concellos (OTAC) da Deputación de Pontevedra.

Segundo.- Aceptar as obrigas establecidas na Ordenanza reguladora e, particularmente ás contidas no seu artigo 17 para as entidades adheridas.

Terceiro.- Nomear como interlocutor coa Deputación para a xestión ordinaria dos servizos prestados ao técnico informático do Concello Don Alfonso Doval Cidre.

Cuarto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine todo o relacionado coa tramitación e xestión deste acordo.

7.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA DE “CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR E ELEMENTO DE CUBRICIÓN – LOTE 2”

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1 correspondente á obra de “*Construcción de pista de pádel exterior e elemento de cubrición – Lote 2*”, por importe de VINTE E TRES MIL OITOCENTOS DEZANOVE EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (23.819,61 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director da obra Don Juan Carlos Bardelás Lamas.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra NATURE INFRAESTRUTURAS Y SERVICIOS S.L., por un importe de 23.819,61 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 25/086 (FACe), de data 08/10/25, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

8.- TOMA DE RAZÓN DA TRANSMISIÓN DO DEREITO DE COBRO DE CONTRATISTA FRONTE AO CONCELLO

De conformidade co establecido no artigo 200 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda tomar coñecemento da transmisión do dereito de cobro notificada con data 09/10/25 (RE-E núm. 630), cos seguintes datos:

Cedente

SOCIEDADE: NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.

CIF: ██████████

Cesionaria

SOCIEDADE: BORROX FINANCE S.L.

CIF: ██████████

Obxecto da cesión

NÚMERO DE FACTURA: 25/086 (FACe)

DATA DE EXPEDICIÓN: 08/10/25

IMPORTE: Vinte e tres mil oitocentos dezanove euros con sesenta e un céntimos (23.819,61 €), IVE incluído.

CONCEPTO: Certificación núm. 1 da obra de “*Construción de pista de pádel exterior e elemento de cubrición – Lote 2*”.

9.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DO LUGAR DE TRASULFE, PARROQUIA DE FAFIÁN

VISTO o escrito presentado por Don Luís Presas Guerra, con DNI núm. ██████████ e con domicilio no lugar de Trasulfe, parroquia de Fafián (RE núm. 1882, do 30/10/25), polo que, na representación da Comisión de festas do lugar de Trasulfe, parroquia de Fafián, solicita unha axuda económica do Concello para a festa patronal celebrada o pasado día 12 de xullo do corrente, na honra de San Bieito. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

10.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A. 37,70 €
Por taxa de ITV de vehículo municipal, s/factura núm. 361325FC0008111.
- ALEJANDRA FERNÁNDEZ-GAGO LONGUEIRA 1.694,00 €
Por servizo de asistencia técnica en materia urbanística no mes de outubro de 2025, s/factura núm. Fn-2025-08-4CR.
- AUTOCARES MEIJIDE S.L. 1.045,00 €
Por desprazamento dos participantes nos programas de conciliación do verán, s/factura núm. MEI2025A08-0011.

Obradoiro dual de emprego “Terras de Camba I”

- HIJOS DE E. MOURE S.L. 109,82 €
Por subministro de materiais para obras, s/factura núm. 2306054.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)